



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vintecatro de setembro de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Rita Castelo Meilán e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Begoña Seco Varela e Dona Elvira Lombao Vila incorpóranse no segundo punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2021.

O Alcalde desculpa o retraso da concelleira dona Begoña Seco Varela por motivos laborais.

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 25 de xuño de 2021.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio intervén expoñendo que na súa intervención debe haber unha rectificación porque onde pon “expoñendo que non entende porque se ten que aumentar a asignación por concelleiro para cada grupo político” non está ben expresado e debe dicir “non entende o porqué deste aumento ou simplemente non entende porqué se ten que aumentar”.

Sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada con dez votos a favor dos concelleiros do PP e do BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.





Concello de Outeiro de Rei

2-ALTERACIÓN DO TRAZADO DE CAMIÑO EN ROBRA

O Alcalde inicia a defensa expoñendo a proposta de alteración do trazado de camiño en Robra do seguinte teor literal:

PROPOSTA DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO

O día 18 de xuño de 2021, a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

“Con el fin de proceder a la dotación de servicios al Circuito deportivo de Outeiro de Rei se pretende la construcción de una graderío para el público. Del estudio de las diferentes opciones resulta la más adecuado desde el punto de vista funcional el plantear la construcción del graderío en el frente principal por el que se accede en la actualidad. De esta forma se consigue la necesaria separación entre el público y los deportistas evitando el entorpecer la labor de estos últimos y mejorar la seguridad de todos. Además la situación del graderío en esta zona, entre el circuito y las viviendas colindantes reduce la exposición de acústica de las edificaciones rebajando el nivel sonoro en su entorno.

Por el frente actual de acceso discurre una carretera municipal que se construyó en su día atravesando la parcela original de forma hexagonal por lo que queda en la actualidad un resto de esta parcela hexagonal al oeste de la carretera existente que se materializa en la parcelas catastrales 184 y 186 del polígono 74 de la superficie de 2.745 m² y 1.376 m² respectivamente.

La ubicación del graderío en el frente requiere realizar el desvío de la carretera que se hará sin afectar a las parcelas colindantes ocupando las parcelas 186 y 184 citadas anteriormente.

La superficie de carretera que se desafecta como camino público para pasar a formar parte de la parcela 190 a la que se agrupa es de 551 m².

De las parcelas 186 y 184 se segregan 2.406 m² para la desviación del camino quedando el resto de superficie correspondiendo a 1.714 m² para agrupar a la parcela 190.

Finalmente la parcela 190, inicialmente de queda con una superficie de 35.907 m² tras la agrupación del tramo de camino que se desafecta y del resto de las parcelas 186 y 174 queda con una superficie de 38.172 m².

La clasificación del suelo de las parcelas objeto de actuación es de suelo urbanizable nuclear según las Normas Subsidiarias de Planeamiento municipal, siendo en aplicación de la disposición transitoria primera de la ley 2/2016 el régimen establecido en el planeamiento vigente. La delimitación nuclear incluida en las normas





Concello de Outeiro de Rei

no tiene establecidas alineaciones gráficas. Las alineaciones se establecen en la ordenanza fijando distancias a partir del eje de los caminos existentes.

El artículo 26.e) de la ley del suelo establece que están prohibidas las aperturas de caminos que no estén previstas en el planeamiento así como la ampliación de los existentes y el derribo de los muros tradicionales de los barrios o senderos salvo disposición del planeamiento que lo autorice.

El planeamiento municipal establece para esta carretera unas alineaciones de 11 m entre alineaciones para esta carretera. La alineación es la línea que separa el terreno privado del terreno destinado a viario por lo que este es el ancho viario que establece el planeamiento municipal no superándose en este caso por lo que aún que el ancho de calzada va a ser superior al existente, la ampliación hasta estos límites de alineación están establecidos en el planeamiento.

No se trata de la apertura de un camino sino de un cambio de trazado de un camino existente. No hay muros tradicionales afectados.

En la parcela 208 del polígono 74 hay una medorra pero la actuación se sitúa a más de 50 m del borde exterior de la misma que es la distancia subsidiarias establecida en la ley 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia para los entornos de protección de los elementos arqueológicos situados en los núcleos rurales.

Por lo tanto se cumplen las condiciones urbanísticas requeridas”.

Acreditada, polo tanto, a conveniencia e necesidade da alteración, procede tramitar o expediente regulado no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso o propoño ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o cambio de trazado do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 184 e 186 e a parcela 190 do polígono 74, de xeito que discurra polo linde leste das parcelas 184 e 186, a fin de proceder á agrupación das parcelas citadas”.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio fai uso da palabra expoñendo que esta alteración do trazado dunha estrada municipal ten que facerse para dar servizo a un circuito, circuito co que non están de acordo, entre outras razóns, pola súa ubicación, xa que da lugar a unha intensa contaminación acústica que perxudica aos veciños e veciñas da contorna, que teñen que soportar os ruídos cada fin de semana, sendo un incordio para a súas vidas.

Engade que, segundo se explica na documentación remitida, esta alteración faise con vistas a unha futura construción de bancadas que evitarían ou minimizarían a contaminación acústica propia do circuito.





Concello de Outeiro de Rei

Considera que este problema tiña que estar solventado no momento da construción das instalacións. Por todo iso, vaise abster na votación.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén dicindo que este tipo de actuación non está contemplada no proxecto de orzamentos que se acaba de aprobar neste concello a pesar de aprobalo con seis ou sete meses de retraso. Aínda así un mes e pico despois proponse unha nova actuación.

Por outra banda, manifestar que neste punto da orde do día proponse cambiar o trazado dunha estrada que vai completamente recta incorporando unha curva. Considera que é necesario valorar se esa curva nunha estrada que é recta está xustificada ou non.

Dende o BNG, non é que a priori estean en contra de que se invista ou constrúa un circuito de velocidade en Outeiro de Rei. É unha cuestión de prioridades. E cando os recursos son limitados, a decisión política é decidir cara onde van dirixidos os cartos.

A realidade que se ten neste concello é que no circuito de velocidade lévanse investido varios centos de miles de euros. E neste momento o BNG cree que hai outras prioridades no concello máis importantes que investir esas cantidades tan importantes de cartos en construír uns praderíos, unhas bancadas para que o público poida ver unhas carreiras de motos ou de coches.

Agora non é o momento, xa que o concello está moi endebedado e ten que pedir préstamos para poder facer algún tipo de investimento durante este exercicio, e non é de recibo que se pretenda investir o que non se ten en construír unhas bancadas nun circuito de velocidade cando se acaban de subir as taxas municipais como un 40% para recollida do lixo e un 20% para o servizo de auga.

Dende o BNG non están de acordo e non poden aceptar que se invista ese diñeiro para o que propón cando non houbo crédito para facer un mes ou dous antes a limpeza das cunetas e incluso cando temos un servizo de auga que, tan pronto caen unhas pingas a auga non vale nin para ducharse nin para cociñar. Sendo estas cousas prioritarias.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Begoña Seco Varela.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que todas as actuacións e inversións que se fan neste concello é por decisións políticas non podendo ser doutra maneira.

Poden estar en contra das infraestruturas deportivas como xa estiveron máis veces, pero non comparte esa postura.

Afirma que non é certo que se invistiran moitos miles de euros no circuito. A inversión que se leva feito por parte do concello será ao orde de 50.000 ou 60.000 euros.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde di que eles sempre son claros e previsibles. O equipo de goberno sostén que as infraestruturas deportivas son importantes para este concello xa que é o concello da provincia que porcentualmente segundo o tamaño ten máis xente nova e quere que sea atractivo para que siga medrando. Para iso débense facer actividades deportivas.

Cando establecen esa prioridade é porque están a cabeza de case todos os servizos. É verdade que o concello tivo que endebedarse, pero tamén o é que este concello está á cabeza de case todos os concellos en calidade de servizos namentres que é dos que teñen os impostos máis baixos.

No que atinxe á limpeza das cunetas, onde goberna o BNG nin en ningún sitio se fai antes, e recorda que cando a Deputación inicia a limpeza das cunetas das estradas provinciais este concello xa se está rematando.

O Alcalde resposta á concelleira do PSdG-PSOE que, se ben hai algo de ruído, vaise intentar solventar ese problema colocando as máximas pantallas. Iso é o que se vai a facer de cara ao futuro.

O Alcalde diríxese ao concelleiro do BNG que non está contemplado no orzamento esta actuación porque non ten porque facerse neste ano. Vaise decidir o cambio de trazado e despois cando se vaia a executar, que seguramente non sexa este ano debido á altura do ano na que nos atopamos.

A concelleira do PSdG-PSOE, replica ao Alcalde que esta instalación xenera moita contaminación acústica que se escoita dende Mosteiro, polo que se imaxina polo que pasarán os veciños da zoa os fins de semana.

O Alcalde contéstalle que coñece a opinión de veciños incluso que viven máis cerca de Mosteiro.

Intervén a concelleira do PP, dona Pilar Méndez Lombao dicindo que vive máis cerca que de Mosteiro e realmente dende alí non se escoita.

Rematado o debate sométese a votación a alteración de trazado de camiño en Robra.

Realizada a votación da alteración de trazado de camiño en Robra, queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP, tres votos en contra dos concelleiros do BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

**3-RATIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA DE 10 DE SETEMBRO DE 2021. INADMISIÓN DE ALEGACIÓNS AO
ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2021.**





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde inicia o debate da ratificación de acordo da Xunta de Goberno Local de data de 10 de setembro de 2021.

O secretario lee en viva voz o seguinte acordo:

“O Pleno do concello de Outeiro de Rei, en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2021, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2021, así como a documentación complementaria.

O día 10 de agosto de 2021 publicouse no BOP de Lugo o anuncio de exposición pública, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

O día 18 de agosto de 2021, D^a. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación de la Unión Sindical Obrera (USO), presentou escrito no que alega:

“es necesario cubrir definitivamente las plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar alguna de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales”.

Da simple lectura do escrito de alegacións conclúese que da súa estimación ou desestimación non se deriva a modificación de documento algún do orzamento, xa que non alega vicio procedimental ou documental algún, nin pretende a modificación do anexo de persoal nin a modificación de partida económica algunha, senón que se limita a solicitar unha modificación da relación de postos de traballo así coma á aprobación de unha oferta de emprego público que permita a ulterior convocatoria de un proceso de consolidación.

É dicir, o escrito non ten por obxecto ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 da TRLHL, e segundo o cal:

2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.





Concello de Outeiro de Rei

O escrito límitase a solicitar unha actividade administrativa determinada e que se desenrolla de oficio, sen que exista un cauce de exercizo a través de solicitude dos interesados.

Polo tanto, o escrito presentado pode considerarse que constitúe non unha alegación ao orzamento, senón o exercizo de un dereito de petición en materia de xestión de recursos humanos, tal e como se desprende do artigo 3 da Ley Orgánica 4/2001, de 12 de noviembre, reguladora del Derecho de Petición.

Segundo dispón o artigo 11 de dita Lei orgánica, *Una vez admitida a trámite una petición, la autoridad u órgano competente vendrán obligados a contestar y a notificar la contestación en el plazo máximo de tres meses a contar desde la fecha de su presentación.*

Non se advirte a concurrencia de ningunha das causas de inadmisibilidade previstas no artigo 8 da Lei Orgánica reguladora do dereito de petición.

No que atinxe ao fondo do asunto, recentemente aprobouse unha relación de postos de traballo no que se calificou coma personal laboral aqueles postos efectivamente exercidos por persoal en réxime laboral e que non exercen funcións que implican unha participación directa ou indirecta no exercizo das potestades públicas ou na salvaguarda dos intereses xerais do Concello, tal e como prevé o artigo 9 do estatuto básico do empregado público.

Por outra banda, a aprobación da oferta de emprego público que recolla a convocatoria dos procedementos de consolidación é unha cuestión allea ao Pleno da Coporación, xa que compete ao Alcalde. En calquer caso, a aprobación da oferta de emprego público con vistas á apertura dos procesos de consolidación estará suxeita a un diálogo previo cos traballadores afectados e os seus representantes, así coma, no seu caso, ao estudo e aclaración da súa situación xurídica.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

INADMITIR a alegación contra os orzamentos presentada por Unión Sindical Obrera (USO), por non tratarse de ningún dos supostos previstos no artigo 170 TRLHL.

CALIFICAR dito escrito como exercizo de dereito de petición, admitíndoo a trámite e respóstádo a mesmo coas consideracións anteriormente expostas”.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro manifesta que as concelleiras e concelleiro do BNG en ningún momento son policías, nin fiscais nin xuíces e non son quen de andar poñendo demandas ou denuncias. Presentanse ás eleccións para facer política, explicar as súas propostas e manifestar ante a cidadanía as súas posición e logo que sexa ela quen xulgue e tome as decisión oportunas canto teña que facelo.





Concello de Outeiro de Rei

Pero todo isto que está acontecendo coa RPT como di o refrán “daqueles polvos temos estes lodos”. Cando unha cousa faise mal, pasan estas cousas.

O concelleiro do BNG afirma que todo o referente á política de persoal deste concello dalle vergoña, e a elaboración deste RPT é un capítulo máis desta secuencia de actuacións en política de persoal que é completamente vergoñosa.

Síntense orgulloso de moitas cousas que suceden en Outeiro pero no tema de persoal do concello sente vergoña.

Denuncia que atopámosnos ante unha RPT que foi creada única e exclusivamente para subirlle o salario a tres persoas e que todos saben quen son esas tres persoas. Unha RPT feita sen cumprir ningún dos requisitos que a lei esixe como, por exemplo, que se cite aos representantes dos traballadores para unha negociación previa, cun informe desfavorable e contundente do servizo de intervención deste concello. Unha RPT onde de utilizan as funcións que desempeña unha traballadora dunha empresa privada para dicir que o fai un funcionario para á súa vez subirlle o salario ou subirlle a categoría para cobrar máis, e sen informe de secretaría.

Hai traballadores cunha categoría dun nivel C ou equivalente a un FP ou bacharelato que cobra máis que un funcionario do grupo A como un médico ou profesor da Xunta de Galicia..

Desta RPT feita desa maneira veñen estas consecuencias. O recurso en sí que mandan votar non ten nin pés nin cabeza, si queren facer o recurso fágase en base a fundamentacións legais non a cuestión que son auténticas chorradas.

Non poden votar nada que seña avalar semellante tipo de actuacións polo cal por parte do BNG vanse abster nesta votación.

O Alcalde respóstalle ao concelleiro do BNG que fala dunha RPT que se aprobou o ano pasado no pleno, que é perfectamente legal e por iso non houbo ningún tipo de reclamación.

Mezclan unha serie de cousas ás que son moi dados no BNG, como sindicalista que foi toda a vida, que lle gusta atacar a política de persoal deste concello porque o que pretende é atacar ao Alcalde, ese é o “cabalo de batalla”. Xa lle dixo un día ao concelleiro do BNG, que o día que empece a estar de acordo ca ideoloxía dos nacionalistas radicais e independistas empezará a estar preocupado.

Di que o recurso non ten pés nin cabeza, que é do que se tiña que tratar neste punto e que se vai abster, e todo o demais foi un discurso dos que lles gusta dar de vez en cando, unhas veces no pleno, outras nas redes sociais e outras en prensa.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde dille ao concelleiro do BNG que leva seis anos e a situación non cambia nada.

Anuncia que vai a intentar consolidar os postos de traballo actualmente vacantes e ocupados por persoal temporal, estando á espera do proxecto de Lei que anunciou o Gobeno.

Respecto aos salarios, cree que se recollen uns salarios comparables cos de calquer concello incluso por encima da maioría dos concellos xa que disponemos dun persoal bon, traballador e que ten responsabilidade e estas circunstancias hai que retribuilas.

No que sí están de acordo é que o recurso non ten pés nin cabeza. Iso é o que se está a debatir e a votar, polo que pide coherencia entre o que se dí e o que se vota.

Rematado o debate, sométese a votación a ratificación de acordo da Xunta de goberno local de data de 10 de setembro de 2021.

Realizada a votación, a ratificación do acordo queda aprobada non nove votos a favor dos concelleiros do PP e con catro abstencións dos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

4- PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura en viva voz aos seguintes escritos de preguntas regulamentariamente presentadas e do seguinte teor literal:

“Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a EXPOÑER

Despois de comprobar que a acta correspondente ao Pleno de abril de 2020 non foi aprobada en ningún dos plenos celebrados desde entón e ata o día de hoxe e observando que no apartado de PLENOS, na páxina web do Concello, se ofrece públicamente un documento presentado como acta sen ser corrixido nin aprobado xunto co vídeo do devandito acto na sede do Concello, vén a presentar aos órganos de goberno a seguinte PREGUNTA:





Concello de Outeiro de Rei

Cando se vai poñer a acta correspondente ao Pleno de abril de 2020 a disposición dos diferentes concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do concello de Outeiro de Rei para a súa revisión e aprobación?”.

O Alcalde resposta que ten o suficiente contacto cos funcionarios do concello para tratar esta cuestión en calquer momento.

O Secretario afirma que esqueceu elevala ao orde do día da seguinte sesión plenaria. Non obstante, dita acta está publicada na páxina web do concello, no portal de transparencia do concello e máis no libro de actas.

O Alcalde afirma que non se decatou que esta acta non se someterá a aprobación e afirma que si o puxera antes de manifesto xa estaría corrixido. Remata asegurando que se someterá a aprobación na vindeira sesión plenaria.

“Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista noConcello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a expoñer aos órganos de goberno a seguinte PREGUNTA:

Derivada das obras levadas a cabo para construír a conexión peonil entre a urbanización Triaqua e a Nacional VI en Guillar aprobadas en Pleno en outubro do 2019, xurdiron diferentes queixas veciñais referidas ao resultado das mesmas. Unha delas correspóndese coa parcela con referencia número 5 no proxecto elaborado por este Concello e con número de polígono 40862, cunha superficie expropiada de 153,93 metros cadrados, pertencente aos Herdeiros de Domingo Antonio Vila Romay. Estes veciños consideran que a situación na que queda a súa finca na actualidade é moi mellorable xa que non se fixo un muro de contención para evitar o posible derrubamento da senda que por alí discorre, a pesar de que hai un importante desnivel de 1'20 metros de altura entre a senda e a súa finca.

Por outra banda, o rexistro da electricidade, ao que antes tiñan acceso facilmente, quedou baixo esa senda, nunha profundidade á que vai ser humanamente imposible acceder no caso de necesidade.

Consultado o Sr. Alcalde persoalmente sobre este asunto, os afectados recibiron unha resposta nada convincente posto que non se lles ofrece unha solución inmediata e ven que, no futuro, cando desexen construír un muro para pechar a súa finca, non van poder tocar as terras deixadas xunto a esa senda, unha parte da súa finca da que, a pesar de non estar no proxecto de expropiación, xa non van poder disponer.





Concello de Outeiro de Rei

É por todo isto que estes veciños, a través deste grupo municipal, queren expoñer a súa queixa desexan saber:

¿Qué ten pensado facer este Goberno municipal para solucionar este agravio ocasionado por unhas obras nas que se ocupan uns metros máis dos que foron expropiados no proxecto?

Van valorar economicamente o erro cometido no seu cálculo?

Como lles van solucionar o problema do acceso ás conexións da electricidade das súas fincas? Non pensan que tal e como se atopa agora, a súa accesibilidade é imposible e están prexudicando a uns veciños co seu mal facer?''.

O Alcalde respotal que a expropiación que fixo o concello aínda abarca un pouco máis aló da superficie ocupada polo talud. O Ministerio de Fomento expropiou no seu día unha fanxa de 2,5 ml, fanxa que, sumando a que expropia o concello, permite que o talud se ubique na súa totalidade en terreo público.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as trece horas e corenta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº Pº; O Alcalde

